



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono: 981 50 00 00

Descrición Decreto: Ampliación do prazo de presentación de obras ao CERTAME DE DEBUXO E ILUSTRACIÓN TRAZOS POLA IGUALDADE

DON DANIEL MOSCOSO SIXTO TERCEIRO TENENTE DE ALCALDE DO CONCELLO DE ARZÚA (A CORUÑA)

Dacordo co Decreto da terceira tenencia de alcaldía nº125/2025, do 28 de febreiro de 2025, apróbanse as bases do CERTAME DE DEBUXO E ILUSTRACIÓN TRAZOS POLA IGUALDADE, promovido pola Concellería de Igualdade.

Ditas Bases son publicadas no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Arzúa o venres 28 de febreiro de 2025, establecéndose un prazo de presentación de obras de 20 días naturais a partir do seguinte a aquel en que apareza o anuncio da convocatoria no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Arzúa,

Ao obxecto de facilitar a presentación de debuxos e ilustracións; en consideración da especial natureza do proceso de creación artística que conlevan os traballos; así como o fomento da participación, co que se persegue xerar unha dinámica creativa entre a mocidade, e poder contar así cun maior número de obras a valorar, concorren motivos suficientes que aconsellan unha ampliación do prazo inicialmente establecido para a presentación das obras.

Visto o decreto 501/2023 de data 13/07/2023 no que se acordou efectuar a favor dos sres/as. concelleiros/as as seguintes delegacións xenéricas correspondentes ás áreas e/ou materias que se relacionan: “Delegación xenérica para o terceiro Tenente de Alcalde Daniel Moscoso Sixto con sinatura de actos con efectos a terceiros sendo concelleiro delegado de Xuventude e Infancia, Medioambiente e Benestar Animal, Participación veciñal e transparencia, Facenda e contratación (coordinación contratación), Igualdade, Normalización Lingüística e Patrimonio.

Estas delegacións conlevan a dirección organizativa e funcional das concellarías así como a sinatura de documentos necesarios en relación cós seus cometidos e funcións incluíndo actos administrativos resolutorios.

As delegacións xenéricas acordadas no apartado anterior, suxeitaranse ao seguinte réxime xurídico:

1.- As facultades que se delegan son todas as que sexan de competencia da alcaldía presidencia comprendidas dentro de estes servizos, a excepción das indelegables segundo o artigo 21.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, e a excepción das delegadas na Xunta de Goberno ou atribuídas expresamente a outros órganos de goberno do Concello, e abarcará a facultade de dirixir os servizos correspondentes e xestionalos en xeral, incluíndo a facultade de resolver mediante actos



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono: 981 50 00 00

administrativos que afecten a terceiros pero non a aprobación facturas/recoñecemento de gastos nin a ordeación pagos”.

Polo presente decreto e en uso das facultades outorgadas legalmente,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar a ampliación de prazo de presentación de obras do CERTAME DE DEBUXO E ILUSTRACIÓN “TRAZOS POLA IGUALDADE” ata o día 30 de marzo, ampliando en 10 días naturais o prazo.

SEGUNDO.- Ordenar a publicación da presente resolución no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica do Concello de Arzúa, para coñecemento das persoas interesadas.

Arzúa, asinado dixitalmente na data e hora que figura a marxe

Terceiro tenente de alcalde
Asdo.- DANIEL MOSCOSO SIXTO

Dou fe, o Secretario
Asdo.- ALFONSO MANUEL ALCALÁ
PÉREZ